

○ CASINO ○

BOLETÍN INFORMATIVO DA ASOCIACIÓN CULTURAL SAN MARTIÑO DE COUSO

Limiar

Nestes días solicitamos subvencións á Deputación Provincial de Pontevedra e á Consellería de Medio Ambiente, amba-las dúas para completar o presuposto da restauración dos muiños. Aínda falta unha convocatoria específica para restauración do patrimonio, da Consellería de Cultura, que nos pode valer e que está a saír. Se todo vai ben contamos con empezar a traballar na segunda quincena de maio.



Tamén presentamos solicitude na convocatoria xeral da Consellería de Cultura para a programación anual e na convocatoria para mercar material audiovisual da Secretaría Xeral de Comunicación, para a adquisición dun proxector e pantalla.

O traballo para a restauración dos muiños está a absorber moitos esforzos e na Directiva temos tres persoas que, por diferentes cuestións, non poden asistir ás reunións, aínda que colaboran no que poden. Polo tanto, toda a axuda é pouca. Agradecemos o seu traballo a aquelas persoas, que aínda sen ser da Directiva botan unha man como se o fosen.

Segundo, pouco a pouco, coa nosa vontade de dotar a nosa biblioteca, especialmente con aqueles libros que fagan referencia a Ponteareas ou a temas etnográficos, mercamos os seguintes libros:

- *O ruído da morte. A represión franquista en Ponteareas (1936-1939)*, de Ángel Rodríguez Gallardo.
- *Lendas, contos e outros relatos de Mondariz e do Balneario*, de Xoán Xosé Pérez Labaca.
- *Historia dunha aldea galega*, de Manuel Rodríguez Troncoso.
- *Obra completa de María Mariño*. Este último por ser a homenaxeada este ano no Día das Letras Galegas.



Neste exemplar:

- | | |
|---|--|
| 1 | Limiar |
| 2 | Programación trimestral |
| 4 | Receita (por Montse Groba) •
Colaboración literaria (por Mari Carballido) |
| 6 | Actividades realizadas |

PROGRAMACIÓN CULTURAL

Sendeirismo



A Asociación Cultural de Guláns organiza un percorrido polos lugares do oeste da parroquia, entre os que se inclúe Couso. Partirá do Parque da Bisoureira.

Venres, 6 de abril,
ás 10'00 horas

Domingo, 22 de abril,
ás 09'00 horas

Sendeirismo



Sendeiro polos arredores de Couso. San Cibrán, Padrán, Área Recreativa da Fraga do Rei (13 km ida e volta; 4h30)

Charla sobre alimentación sá



Charla sobre como facer unha alimentación máis saludable.

Sábado, 28 de abril,
ás 21'00 horas

Data e hora por
determinar

Charla sobre plantación e rendemento de especies nobles



Representantes da empresa Maderas Nobles, de Albacete, nos informarán sobre as posibilidades de rendemento económico das plantacións de especies nobles autóctonas.

2º TRIMESTRE 2007

Sendeirismo



Domingo, 13 de maio,
09'00 horas

Pequeno percorrido pola Aillada, a área recreativa da Cavadaviña, a canteira do Penedo do Gran e San Martiño.

17 a 20 de maio

Día das Letras Galegas

A b c d e f g h i l m n ñ o

p q r s t u v x z

Celebración do Día das Letras Galegas, que este ano está adicado á poetisa María Mariño. Habrá exposición e un concurso sobre a súa vida e, a través da lectura das súas poesías, sobre a súa obra.

Fogueira de San Xoán



Sábado, 23 de xuño,
a partir das 23'00 h.

Viño, lume e sardiñas para celebrar a chegada do verán.

Data e hora por
determinar


Proxestión da película *Una Verdad Incómoda*,
de Al Gore



Debate sobre o cambio climático e as cousas que podemos facer para minimiza-los seus efectos.

Receita

Tarta de Santiago



Proporcionada por Montse Groba

UN MORTO VIVO EN ALTA MAR

A noite quedara moi escura. Aínda había unha que outra estrela pero todo apuntaba a que ía caer unha boa tormenta. Non tiñamos medo. Xa dicía miña avoa nalgún tempo que íamos ser uns rapaces fortes con ganas de comernos o mundo, pero aquela aventura era moi arriscada, ¿Onde ía estar o tesouro? ¡Uf! Tesouro que nos ía

facer felices, nós uns nenos de quince e dezanove anos, eu son o pequeno Pitu.



Había uns anos contábanos miña avoa unha historia sen final, a cal quixemos dalgún xeito darlle remate, se aquela fermosa historia empezaba ben entón nos tamén queríamos que rematara ben. Contaba a avoiña Pilarica que naquel tempo o que sobaban eran homes, pois había a centos, pero encontrar o axeitado non era cousa moi doada. Ela, unha muller fermosa de pel branca, ollos cor mel e cabeleira dourada era todo frescura. Os mozos dicían que a Pilarica semellábase ao Sol. O que a ela lle sobaban eran pretendentes, pero quería un home traballador, sinxelo, con afán de risco e cun sorriso incomparable. Sen pensalo dúas veces colleu rumbo en busca dun home o seu xeito, camiñou días e días, ía de pobo en pobo. Cando xa levaba unha semana fora da casa a fame apoderouse dela e tívose que poñer a traballar. Chegou a un pobo mariñeiro da provincia de Lugo e namorouse daquel pobo como unha toliña e alí deu por rematada a súa andadura para encontrar un home ao seu xeito. Alí coñeceu a Tilo. Este era un mariñeiro dun barquiño pequerrechiño que vivía máis ou menos ben e sobráballe para invitar a Pilarica ao baile. Era un rapaz fermoso, moi traballador, pero non saía da súa rutina. Se non fose por iso a Pilarica namorábase como unha toliña pero esta miña avoa era moi aventureira.


Era domingo e estaban na romaría do pobo á Virxe do Carme, Tilo

e Pilarica bailando máis ca nunca. Ao pe do gaitero había un mozo vestido todo de branco, pel morena, case sen pelo, cuns ollos profundos moi grandes. A avoa quedou tesa, non puido bailar máis, deixou todo, o traballo, a Tilo e navegou con aquel rapaz rumbo ao descoñecido, xa de mañanciña colleron o barco, un pesqueiro de alta mar. Tomás, namorouse da avoa nada máis vela e ela correspondeu do mesmo xeito, pasaron anos, e anos e nada se sabía, nada da Pilarica.




Luns 24 de abril, chega ao pobo unha muller duns trinta anos cun meniño no colo, non dixo nada e fixo unha nova vida pero xa non tiña a mesma frescura, xa era unha muller triste con poucas ganas de vivir. Pasaron sesenta anos para que ela falase. So dixo algo entre dentes, palabras descoñecidas, as cales meu irmán Jesu e máis eu intentamos descifrar, pero non era moi doado facelo e a avoa non facía máis que chorar. Jesu pediu un desexo, un sinal á Virxe do Carme.

Un xoves do mes de xaneiro, decidimos coller o barco en busca dun tesouro que naquel tempo a avoa contaba que quedara no mar. Antes de saír díxonos adeus para sempre. Non quería ser culpable do noso destino, que a vida xa fora dura dabondo para ela. Non entendemos nada, démoslle un bico e collemos rumbo ao noso destino.



O barco era inmenso, impresionante, un pesqueiro de alta mar, todo un soño, unha aventura incomparable. O capitán do barco era un home duns setenta anos, sen pelo, pel morena e uns ollos que semellaba que nos seus anos mozos foron moi fermosos pero agora moi tristes. Pasamos con el horas, días e meses navegando, e unha noite de tormenta, unha noite triste sen estrelas, xa dabamos por perdida a vida e Tomás, que así era como se chamaba o noso capitán, gritou aos catro ventos ¡¡¡Por fin vou con ela!!!

Non entendemos nada. A tormenta amainou e Tomás, o capitán, choraba, parecía un neníño. Ao preguntar o motivo da súa tristura contounos unha triste historia na que unha noite de tormenta xa dando por perdida a vida casou cunha fermosa dama, pero a tormenta levouna para sempre do seu lado quedando sen saber qué facer máis que navegar na espera dunha voa tormenta que o levara xunta a ela.



Jesu non dixo nada, mirou para min, ilumináronselle os ollos, rimos, choramos, e demos gracias á Virxe do Carme polo gran tesouro que acababamos de encontrar, "UN MORTO VIVO EN ALTA MAR".

Mari Carballido

Actividades realizadas

Este ano celebrouse a Asamblea Xeral de Socios o día 13 de Xaneiro. Despois da reunión degustáronse pratos feitos con algo de amasar, con bastante participación en moitas cousas ricas, ricas.

O 21 de Xaneiro fixemos o festival, que este ano batemos todos os record, tanto en afluencia de público que foi moita coma en participación con novos actores e actrices, os cales se divertiron moitísimo. Agradecemosllo.

Tamén temos que agradecer a Lolo e a Eladio as súa labor de arranxar o terreo para poder pasar cos coches xa que a entrada estaba bastante mal.

O Entroido de Couso celebrouse como todos os anos con disfraces e concurso de ouellas e filloas. O premio levouno Olga.



Tamén se organizou unha actividade o día 16 que dirixía Montse para facer caretas, sendo imposible levala a cabo por non haber participantes.

No Entroido de Gulans fixemos unha parodia da evolución dos casamentos dende os anos 50 ate agora. Déronnos o segundo premio, tamén houbo unha chea de participantes (ata unha burra)

Na festa do pote eramos 45 persoas e demos conta dun bo cocido. Fixéronse dúas potadas de augardente das que se ocupou Fernando. Pola tarde tivemos a función do mago Antón, que nos fixo participar a todos da súa maxia e disfurtar das risas de todos os que alí nos atopabamos. O rematar o día cando os da organización xa estaban rematando a faena, entre Cati e Alberto liarona para facer a queimada. E fíxose (por certo, moi boa).

